

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

Logo da análise da solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de RÉXIME XERAL núm. C-VX-0021/07, presentada pola entidade promotora SAREB,SA , así como da documentación achegada, e unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas*, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010,

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm C-VX-0021/07

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

RÚA CASTELAO E RÚA MAGDALENA - CEE

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Obra rematada

Número e tipoloxía das vivendas: 16 para quenda Xeral.

De entre 66,80 m² e 88,95 m² de superficie útil. 10 vivendas con garaxe e rocho vinculados, 5 vivendas con garaxe vinculado e 1 vivenda sen garaxe nin nocho.

Os garaxes teñen unha superficie cualificada de 25 m² e os rochos entre 2,25 m² e 8 m².

A situación das vivendas atópase entre as plantas baixa, 1 e 2 do edificio.

Prezo de venda ou arrendamento a:

O prezo está entre 68.000 € e 90.000 €

Forma de pagamento:

Ao contado

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.





A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adjudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

A Coruña, asinado electronicamente

A xefa territorial,

P.S. (resolución CMATV do 27/06/2019)

O xefe do Servizo de Patrimonio Natural

Asinado por: BLANES FERNANDEZ, LUCAS LUIS
Cargo: Xefe de Servizo de Patrimonio Natural
Data e hora: 21/02/2022 10:46:13

CVE: kvGZDRz091
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. núm _____,
inscrito/a no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia,-co número de credencial _____, tfno. de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente de vivenda protección autonómica de RÉXIME XERAL número C-VX-0021/07, promovido por SAREB,SA , sito en RUA MAGDALENA, concello de CEE, na modalidade de Compra,

EXPÓN:

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión no procedemento para a súa adxudicación, nas quenda/s que de seguido se especifica:

Xeral

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a facilitar os seus datos persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, para a formalización da compravenda.

_____, ___ de _____ de 202__

Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
R/ Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña